

Suplemento  
realizado  
en parcería  
por **ADEGA**  
e por Sermos  
Galiza




Quinta feira,  
15 de xuño  
de 2016  
Número 7

Caderno de  
análise sobre  
ecoloxismo  
e o ambiente  
en Galiza.  
Coordinación:  
Manuel Soto  
Castiñeira

A Cova Eirós está no macizo cárstico das montañas de Triacastela. O chan calcario pouco frecuente na Galiza dálle un valor excepcional ao ter conservado un dos mellores xacementos na Península Ibérica de oso das cavernas, especie emblemática do Plistoceno. Tamén as primeiras pinturas rupestres da Galiza foron encontradas en Eirós, xunto con restos humanos de hai máis de 118000 anos, posiblemente a derradeira presenza dos Neandertais en Europa. Mais a pesar deste interese, a Cova de Eirós está ameazada pola canteira de calcita da cimenteira Cosmos, hoxe propiedade da multinacional brasileira Votorantim. As obras encima do teito da cova foron paralizadas pola fiscalía tras as denuncias de ADEGA. Porén, tras catro anos de loita e a falta de interese da Consellaría de Cultura, Eirós segue sen protección efectiva. >>>>> **2-5 e 8**

## A cova de Eirós: o libro da historia máis recuada da Galiza



ADEGA

Artigos de Aurora Grandal d'Anglade e Juan Ramón Vidal Romani (IUX Isidro Parga Pondal, UDC), e Adela Figueroa (ADEGA).



# A urseira de Cova Eirós

A pesar de non ter un gran desenvolvemento lonxitudinal nin vertical, nin mostrar rechamantes formacións cársticas, como estalactitas ou estalagmitas, a cova de Eirós é internacionalmente coñecida desde hai varias décadas polo seu interese paleontolóxico. Nesta cova atopouse un dos milllores xacementos de oso das cavernas da Península Ibérica, o primeiro de Galicia e ademais, o máis occidental desta especie emblemática da fauna do Pleistoceno. Bastou este feito para situar Cova Eirós no mapa das covas europeas de interese científico internacional.

**Aurora Grandal d'Anglade  
Juan Ramón Vidal Romani**

Os primeiros pasos no estudo desta cova veñen da actividade dos espeleólogos galegos nos anos 80 do pasado século. Baixo o lema de practicar un “deporte-ciencia”, e co impulso da nova Federación Galega de Espeleoloxía, desenvolvían labores de inventariado e cartografía das ata entón escasamente coñecidas cavidades cársticas de Galicia. Pronto os espeleólogos empezaron a atopar depósitos de restos óseos en diversas cavidades, algúns dos cales non parecían modernos. Por iso, contactaron co Laboratorio Xeolóxico de Laxe, institución dedicada ao estudo de todos os aspectos da xeoloxía galega, e a partir de entón, tamén da paleontoloxía cuaternaria.

Organizouse así en 1983 unha campaña de recuperación de restos óseos en cavidades galegas que deu como primeiro froito a localización dunha serie de xacementos e a recollida de restos óseos superficiais. Estes achados desmentiron a opinión xeneralizada entre os especialistas nas faunas cuaternarias peninsulares, que aínda pensaban que Galicia era un territorio estéril no que respecta á conservación de faunas fósiles, debido ao carácter predominantemente ácido da súa xeoloxía. Non tiveran en conta que na nosa terra tamén existen litoloxías calcarias nas que se desenvolven covas aptas para a conservación dos restos fósiles.

Entre as covas prospectadas por Juan Ramón Vidal Romani, polo Laboratorio Xeolóxico de Laxe, e Manuel Díaz, pola Federación Galega de Espeleoloxía, atopábase Cova Eirós, onde o primeiro conxunto de

**EN COVA EIRÓS  
RECUPERÁRONSE ÓSOS  
DE COMO MÍNIMO 40  
INDIVIDUOS ADULTOS  
DE OSO CAVERNARIO,  
MACHOS E FEMIAS, E  
MÁIS DO DOBRE DE  
INDIVIDUOS XUVENÍS**

restos de oso das cavernas recuperados, aínda que escaso, xa deixaba ver que o achado non era froito dunha presenza casual, pois revelaba a existencia de varios individuos diferentes. Este resultado fixo ver a necesidade de levar a cabo un estudo máis profundo nesta cova.

**As primeiras campañas de escavación en Cova Eirós**

As primeiras campañas de escavación en Cova Eirós realizáronse a principios da última década do século pasado, coa colaboración da por aquel entón empresa Cementos Cosmos, propietaria do terreo e da canteira de calías que se atopa nas inmediacións. Xa entón a empresa comprometeuse a protexer o xacemento desviando a fronte da canteira. Con todo, os traballos só se puideron realizar durante tres campañas.

As intervencións concentráronse en dúas zonas. O xacemento principal atópase ao fondo da cova, baixo unha espesa coada estalagmítica e un nivel de arxilas estériles, con restos dun gran número de indivi-

duos. Este parece ser o lugar de ocupación utilizado polos osos, xa que aquí atópanse restos moi ben conservados, moitos deles aínda en conexión anatómica. A cova debeu de sufrir inundacións periódicas e fluxos de materiais arxilosos que removeron, só en parte, o depósito de ósos e terminaron selándoo e preservándoo de deterioracións. Así, os restos óseos dos osos cavernarios de Eirós teñen un estado de conservación excepcional.

A segunda zona de intervención atópase na zona intermedia, onde os restos recuperados, principalmente ósos de pequeno tamaño e máis facilmente desprendibles do esqueleto, indicaban que procedían dun transporte desde a zona máis interna, probablemente nalgún dos episodios de baleirado que deberon de seguir ás inundacións anteriormente mencionadas.

En ambos os casos, os restos sitúanse sobre unha coada estalagmítica moi cristalina que foi obxecto de datación pola técnica das series de Uranio, cunha idade duns 100.000 anos antes de agora. Aínda así, un gran número de datacións radiocarbónicas realizadas sobre os restos óseos dan idades comprendidas entre 32.000 e 26.000 anos de antigüidade. Era esta unha época que



**Aurora Grandal d'Anglade e Juan Ramón Vidal Romani** son investigadores do Instituto Universitario de Xeoloxía “Isidro Parga Pondal” da Universidade da Coruña.

**Vitrina con familia de osos de Cova Eirós no Laboratorio Xeolóxico de Laxe .**

Foto: Aurora Grandal





precedía os grandes fríos do último episodio glacial, durante a cal o clima xa se ía arrefriando. Nesta cova atopou refuxio unha poboación de osos cavernarios que deixaron os seus restos óseos ao morrer eventualmente durante a hibernación. En total recuperáronse ósos de como mínimo 40 individuos adultos, machos e femias, e máis do dobre de individuos xuvenís, o que é habitual nos xacementos desta especie.

#### O estudo dos restos óseos de Eirós

Do estudo dos restos óseos recuperados obtivéronse importantes novidades. Por unha banda, os osos de Eirós alcanzan tallas comparables ás doutras poboacións de xacementos centroeuropeos, refutando así a hipótese de que a talla destes animais diminuíra cara á periferia da súa distribución xeográfica que se postulara anteriormente.

Ademais, o bo estado de conservación dos restos permitiu obter biomoléculas ben preservadas, a pesar da antigüidade dos restos. Este novo enfoque supuxo un salto cualitativo no que respecta aos estudos paleontolóxicos, que se fixo posible coa creación do Instituto Universitario de Xeoloxía "Isidro Parga Pondal", froito da integración do Laboratorio Xeolóxico de Laxe na Uni-



#### Rabuñaduras de oso nas paredes da cova.

Foto: Marcos Vaqueiro

#### Recuperación de un cráneo de oso no fondo da Galería. Foto: Aurora Grandal

animais agora extintos: canto duraba a súa hibernación, que tipo de plantas incluían na súa dieta, ou como a boa nai criaba aos seus pequenos durante o tempo necesario para que alcanzasen un tamaño axeitado. Crianza que levaban a cabo mentres hibernaban: son frecuentes nas paredes da cova as rabuñaduras dos pequenos, aos que podemos imaxinar nos seus xogos, rubindo e esvarando polas galerías...

O resultado máis rechamante é o que descubriu o estudo xenético da poboación desta e outras covas galegas. O ADN mitocondrial, que se herda por vía materna, mostra que cada cova albergou a súa propia familia de osos durante miles de anos. O que leva á conclusión de que os osos cavernarios volvían recorrentemente á cova onde naceron para hibernar, aínda que durante a primavera e o verán estendesen o seu territorio por zonas máis afastadas.



versidade da Coruña. Así, puxéronse en marcha unha serie de proxectos pioneiros en Galicia e aínda en Europa, destinados a realizar estudos bioxeoquímicos no coláxeno óseo dos fósiles, e estudos xenéticos no

ADN fosilizado, aínda ben preservados grazas ás especiais condicións microclimáticas da cova.

Con estes estudos puidéronse pescudar por primeira vez diversos trazos do comportamento destes

#### Un patrimonio histórico e arqueolóxico, pero tamén científico

O xacemento de oso das cavernas de Cova Eirós é, con diferenza, o que reúne estudos máis completos non só de Galicia ou da península, senón probablemente de toda Europa. Con todo, unha lei de Patrimonio mal ideada truncou o desenvolvemento dos traballos na cova, do mesmo xeito que impide que os paleontólogos poidan estudar con igual profundidade outros xacementos paleontolóxicos de Galicia. Albergarán outras covas galegas xacementos igualmente importantes para esta ou outras especies? As prospeccións superficiais así parecen indicalo. Só a consideración destes lugares como parte dun patrimonio científico, e non só histórico ou arqueolóxico, permitirá que se poidan investigar con todos os medios ao noso alcance para difundilos a nivel internacional, como no caso de Cova Eirós.

Entrada da cova.



# Um Património da Humanidade em perigo

A Cova Eirós, é uma gruta escavada no maciço kárstico das montanhas de Triacastela, nas proximidades das aldeias de Cancelo e Vilavelha. Os afloramentos de caliza são pouco frequentes na Galiza, e nestes ambientes existe a possibilidade de conservar restos de origem orgânica, que nos terrenos ácidos, que são os dominantes no nosso país, nunca haveria. Por isso a Cova Eirós representa uma grande possibilidade para os achadegos, quer arqueológicos, quer paleontológicos. E, velai que lá existem ambos.

## Adela Figueroa Panisse

Este sistema calcario faz parte da banda que, penetrando em Galiza desde Astúrias, passa por Mondonhedo e vai até Pedrafita. Os montes do Iribio que dominam a zona são uma parte do Courel-O Incio.

## Restos de habitação humana datados em mais de 118000 anos

As primeiras pinturas rupestres da Galiza foram ali encontradas. E, aparecem restos de habitação humana que vão até mais de 118000 anos. Numerosos instrumentos da indústria lítica foram atopados na entrada da cova, junto com os restos de lares de duas fogueiras. A primeira datada em mais de 118000 anos e uma segunda que parece mais antiga encontrada este verão.

Quer isto dizer que a gruta foi habitada por Neandertais (paleolítico médio) e *Homo Sapiens Sapiens* (Paleolítico superior).

O interessante desta cova é que mantém restos de ocupação que atravessam os tempos, quase sem interrupção, até os nossos dias. Pelos restos fósseis de animais encontrados, sabemos como era a fauna e como foi mudando até os nossos dias. Aparecem também restos polínicos que nos dão idéia das variações climáticas da zona. São de destacar restos de tigre dentes de sabre, leão das cavernas, e outros grandes mamíferos típicos dos períodos periglaciares do Pleistoceno. A cova manifesta-se assim como o livro da história mais recuada da Galiza.



Há um iato sedimentar estéril, desde o ponto de vista arqueológico e paleontológico que corresponde com a última glaciação (Wurn), em que a cova deveu ficar completamente coberta por gelo. Mas há restos anteriores e posteriores. De maneira que semelha que a cova estiver na memória do inconsciente humano, para voltar a ser ocupada quando as condições climáticas permitirem a vida dos seres humanos na região.

O que faz a esta cova tão interessante, é que a sua ocupação é quase permanente até nossos dias, sendo utilizada também no medievo, em que aparecem pinturas desta época, e recentemente, como celeiro ou armazém do povo. Para além desta cova há outras no contorno que ainda não foram investigadas, mas que esperam também a sua oportunidade. Os aca-


hadegos arqueológicos permitem-nos relacionar este jazigo com os encontrados nas chairas sedimentares de Monforte de Lemos. Que acabam por formar uma entidade de grande interesse.

É de supor que os grupos humanos espalhados pelo território não se limitariam ao pequeno grupo habitante duma gruta. O perigo das povoações pequenas é o alto grado de consangüinidade que alcançam á causa da endogamia e que dificulta a sobrevivência do grupo. Por isso os seres humanos sempre procuraram encontros, quer de origem ritual ou comercial. Isto está documentado desde há muito tempo. Estes encontros, que poderiam ser estacionais, favoreceriam o intercambio genético das populações o que garante a sobrevivência do conjunto.



A cova de Eirós é, de momento, a primeira em que aparecem restos de habitação humana tão antiga. Mas, noutras covas do Courel ou na da Valdavara de Castro Verde também apareceram res-





À esquerda, visita de ADEGA guiada polo arqueólogo Arturo Lombera.



tos humanos, ainda que não tão antigos como os de Eirós. Ainda mais, parece que pode haver certeza de que os restos de Neandertais atopados poderiam ser os últimos da Europa. Até há bem

pouco pensava-se estes seriam os que apareceram em Gibraltar.

Mas, se se confirmar a idade dos encontrados em Eirós, teríamos aqui a representação derradeira dos Neandertais. O único humano que se considera de origem europeu.

#### Restos paleontológicos

Para além dos restos arqueológicos, a cova encerra também grande valor como guarda de restos paleontológicos, entre os quais os de *Ursus Speleaus*, ou urso da Caverna não são de somenos importância. Encontraram-se cá a maior quantidade de restos de ursos das cavernas da península, uns 40 indivíduos. O que também nos indica que este era o nível mais ocidental deste espécime. Foram estudados por Aurora Grandal, da Universidade da Corunha. Rabunhaduras de ursos aparecem nas paredes do recinto mais interior da cova que se tem explorado. Fosseis da pequena fauna aparecem na zona das fogueiras, como também restos dos alimentos dos humanos habitantes.

#### Eirós e outras covas em perigo

Mas a Cova Eirós está em perigo, como a da Graxeira e outras do sistema Kars-

tico do ocidente galego (Covas de Vale, Valdavara, etc), porque as pedreiras tomam conta das terras que ocupam. Para esta cova, o perigo é a mineração que está a tirar pedra caliza para fabricar cimento em Oural, onde é triturada e queimada (Cimentos Cosmos). O nível de trabalho atual da mineira situa-se a menos de 50 metros do teto da cova.

Com o regime pluviométrico desta zona, as infiltrações acabam por entrar, desprotegida a sua cobertura de massa de terra e de vegetal. Vimo-lo nas coladas das paredes tapando grafitis bem recentes que as “adornam”. Pola parede escoam águas com argila em suspensão junto com carbonato de cálcio que acaba por cobri-las e com elas o que ali pudesse estar gravado. Isto é o normal em toda caverna, mas é que agora o fenómeno está muito acelerado pola dês-proteção em que os trabalhos da canteira a têm deixado.

É urgente atuar em Cova Eirós para parar os trabalhos sobre a cova. Para delimitar um perímetro de cautela em que as máquinas nunca deveriam trabalhar. Para desenhar um restauro da cobertura vegetal e de terra que recupere

a proteção da cova. É necessário que esta seja declarada BIC já.

E não só para esta cova. Mas para todas as do contorno, visto que, se numa gruta aparecem restos de habitação humana o mais provável é que o façam também noutras. Na altura, os grupos humanos necessitam encontrar-se para intercambiar utensílios, e genes que garantam a sobrevivência do conjunto. E, posto que as excavações mostram que seres humanos habitaram em Eiros por tanto tempo, podemos supor que teriam por perto outros grupos com os que fazer estes intercâmbios.

Por tanto pedimos e exigimos que as covas, na Galiza, sejam todas elas objeto de especial proteção. Porque guardam o nosso passado e são um Patrimônio, não só galego, mas de toda a humanidade. ADEGA já tem reclamado, repetidas vezes, á Xunta de Galiza para que comece a incoar expediente de BIC, como é a sua obriga por lei. No mês de dezembro de 2015 mediante demanda de Conciliación que também não foi contestada. Já vencidos os prazos legais, ADEGA apresentou no final de julho uma Demanda Judicial por incumprimento de Lei.

### A COVA EIRÓS MANIFESTA-SE COMO O LIVRO DA HISTORIA MAIS RECUADA DA GALIZA

Formações kársticas na Cova Eirós.

Um membro da equipa de arqueólogos explicando os trabalhos realizados.





### — TTIP: Chega a REGANOSA o primeiro barco con gas de “fracking” USA

O pasado 22 de xullo entrou na ría de Ferrol o Sestao Knutsen, primeiro gaseiro con gas de “fracking” procedente dos campos USA. É o inicio da importación masiva de gas doutro lado do Atlántico, unha das primeiras consecuencias das negociacións do TTIP. Máis de 40 organizacións de todo o estado denunciámos este feito, que de seguro impedirá o cumprimento dos xa exiguos e insuficientes obxectivos climáticos europeos. Ao tempo, a poboación de Ferrolterra segue sometida a uns riscos ambientais inasumíbeis.



### — Prorroga o uso do glifosato: os stocks de Monsanto antes que a saúde

A Comisión Europea vén de conceder 18 meses de graza a Monsanto para seguir comercializando e usando o glifosato sen practicamente restricións na UE. Tal como acontecera co pesticida flufenoxuron, a CE adiou a prohibición do glifosato para dar saída aos stocks de Monsanto. Fronte aos 15 anos que pedía a industria, 18 meses é unha prohibición “en diferido”, mais no entanto, o herbicida máis usado no mundo e considerado “probable cancerixeno para humanos” pola OMS, seguirá estando presente nos nosos campos e montes.

# Actualidade ambiental en imaxes



### — A industria do eucalipto causa danos masivos ao patrimonio histórico-arqueolóxico

ADEGA e MariñaPatrimonio vimos de denunciar que un importante número de xacementos arqueolóxicos no norte de Lugo, desde o Paleolítico á Idade Media, sofren danos por labores asociados á explotación do eucalipto: plantacións, cortas, pistas, rozas con maquinaria pesada, etc. Son 40 novas denuncias que se unen ás 16 xa documentadas nos últimos 5 anos. Boa parte dos xacementos arqueolóxicos nesta área (uns 500), poderían estar afectados.



### — Imputado o ex-director xeral por delitos contra o medio ambiente

Ricardo García-Borregón Millán, ex-Director Xeral da Natureza con Agustín Hernández, declarará como “investigado” o vindeiro luns 6 de xuño a petición da Fiscalía ambiental do TSXG, xunto con outros tres ex-altos cargos de Medio Ambiente, polo dragado da ría de Ferrol denunciado en 2011 por ADEGA. A obra tiña como obxectivo aumentar o calado da entrada da ría para permitir o paso a grandes buques como os gaseiros de Reganosa.

ADEGA traballa arreo na defensa ecolóxica de Galiza, como podes ollar neste breve resumo das últimas semanas. Non fiques parada: súmate á defensa ecolóxica de Galiza, visita a nosa web ([www.adega.gal](http://www.adega.gal)) e participa nos grupos activos ou faite socio/o.

**Imaxes:** Comité Cidadán de Emerxencia para a Ría de Ferrol, ADEGA, MariñaPatrimonio.





5

### — Programa de compostaxe caseira de Cerdedo

Con 1.800 habitantes repartidos en 58 núcleos de poboación, un plan de xestión de residuos centralizado como o actual de SOGAMA é inviable. Entre as medidas, o concello está a promover a compostaxe caseira dos residuos orgánicos, a instalación de contedores para mellorar a recollida selectiva, e un servizo para residuos voluminosos e triturado de poda. Tamén iniciou a construción de dúas depuradoras por humidal



6

### — Bioblitz polo río Sor

16/07/16 Proxecto Ríos, en colaboración coa asociación Nordés, realizou unha descuberta da biodiversidade, tamén chamada Bioblitz, nas ribeiras do río Sor. Fóronse identificando especies de flora e fauna do curso fluvial, 112 especies en total. Listaxe e fotos en [www.proxectorios.org](http://www.proxectorios.org).



7

### — Campo de voluntariado ambiental en Sálvora

Do 12 ao 14 de xullo, en colaboración co PNMTIAG, ADEGA retirou preto de 1500 kg de herba do coitelo (*Carpobrotus edulis*), así como exemplares doutras especies exóticas invasoras e realizáronse actividades de observación de aves ou visita ao faro.



8

### — Memorial Toni Estany e Sympósium de odonatoloxía

ADEGA-Charcas con vida, participou os días 21 ao 23 de xullo no Memorial Toni Estany, fotógrafo aranés especializado en captar imaxes de libélulas, un evento internacional que engloba unha exposición, un concurso fotográfico e un simposio de odonatoloxía. Acompañou as xornadas a exposición "Libélulas no Val d'Aran", 53 fotografías que ilustran as cores e a beleza deste singular insecto.



9

### — Eira da Xoana: Memoria Histórica no corazón de Galiza

14/08/2016, a 80 anos do golpe fascista, a Eira da Xoana conmemorou o Día da Galiza Mártir. O acto comezou en Sá na volta de Ludeiro (Palas de Rei), onde apareceran os corpos sen vida de SIXTO AGUIRRE e CAMILO DÍAZ VALIÑO. Xa en Toques, rendeuse homenaxe a MARCIAL VILLAMOR en Vilouriz, RAMÓN RODRÍGUEZ VARELA (O Curuxás) en Vilamor, DELFINO LIÑEIRA FRAGA (O tranviario) en Piñeiro e, de novo en Palas de Rei, en Curbián, a BENEDICTO FUENTES DÍAZ. Ao medio día chegouse á Eira da Xoana para colocar unha placa-homenaxe ao que fora alcaide republicano d'Agolada, PRIMO CASTRO VILA e rematar cun xantar de convívio.



10

### — Roteiro arqueolóxico polo Barbanza

O pasado xuño, ADEGA-LUGO puxo fin ao seu ciclo de roteiros MEMORIA PÉTREA 2015-2016 cunha visita ao Barbanza, comarca moi rica en elementos arqueolóxicos. O roteiro permitiunos visitar algúns petróglifos como os do monte da Gurita, con representacións zoomorfas de cervos machos, o dolmen de Axeitos, ou o Castro de Baroña, este último habitado nos inicios da nosa era hai 2.000 anos. A comezos do outono darase a coñecer o programa de roteiros para a nova tempada 2016-2017 (<http://roteirosadegalugo.blogaliza.org/>).



# Para que a Cova de Eirós sexa debidamente protexida

Catro longos anos de loita ecoloxista e social para protexer A Cova de Eirós, convertida xa nun bo exemplo de como funciona a administración nestes temas. Ante a falta de avances, ADEGA presentou a finais de xullo demanda ante o Tribunal Contencioso-Administrativo contra a Consellaría de Cultura por non protexer a Cova de Eirós.



## ADEGA-Lugo

Fron sucesivas solicitudes de declaración como Ben de Interese Cultural (BIC), pola Asociación sociocultural O Iribio e por ADEGA, multitude de peticións de información sen resposta... para a Consellaría de Cultura pouco importou o apoio de personalidades da cultura e das ciencias ambientais, da Deputación de Lugo por unanimidade, dunha Comisión do Parlamento de Galiza, do Valedor do Pobo, de equipos de arqueoloxía e de xeoloxía das Universidades, ou do Consello da Cultura. O único efectivo mais insuficiente foi a paralización das obras pola Fiscalía, unhas obras que xa escavaran no teito da cova até chegar aos 50 metros da entrada, favorecendo os impactos da chuvia e da erosión.

ADEGA mantivo no outono de 2015 unha videoconferencia coa empresa Votorantim, dona da fábrica galega, e coa Asocia-

ción brasileira de espeleoloxía, que ten parcería coa multinacional. Pedíuselle non actuar a menos dos 200 metros, tal e como esixe a lexislación. A conversa derivou na visita do Doutor Clayton F. Lino a Galiza, quen amosou a vontade de achegar posturas e facer cumprir a lexislación. Xá ás costas de ADEGA, Votorantim ten falado con Patrimonio pero sen concretar propostas de acción. Sen plan de xestión como BIC, a normativa establece o perímetro de protección en 200 metros, mais non se cumpre. Ante a falta de avances, ADEGA ven de presentar o contencioso contra a Xunta de Galiza.

<<AQUI ERGUEU-SE UM FOGAR. E NEL ARDEU O LUME. AS SUAS FAÍSCAS CINTILÁROM UM INTRE. VOAROM COMO ESTRELAS PEQUENINHAS NA FIRME PROCURA DUM DESTINO...>>  
(DE ORÁCULOS PARA CAVALINHOS DO DEMO, MANUEL MARÍA)

## COVA DE EIRÓS Para Belem Fontal

*Boca misteriosa da montanha deitada  
Falas para mim com a tua voz profunda  
Que caminha no tempo liquido  
De saudades sem lua.  
Quissera eu hoje despejar a tua incognita  
Apressada no ar com palavras escuras.  
Sons desconhecidos  
Que trespassam os tempos  
Da inocência sem vida  
Do profundo silêncio.*

*Sinto eu á tua beira  
Cantos doutras eras  
Apreixados no frio húmido das tuas pedras  
Testemunhas hoje  
Doutras vidas vividas ao amparo delas.*

*Fala-me montanha  
Das malvadas feridas  
Que te tolhem e esmagam  
O rexo corpo pétreo.  
Conta-me teus secretos,  
Guarda-los-ei com mimos  
E fidelidade eterna  
Como tu fizeste  
Desde a noite dos tempos.*

**Adela Figueroa Panisse**